

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2018/6	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	7 de xuño de 2018
Duración	Desde as 21:30 ata as 23:59 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSE CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Secretaria acctal.	MARIA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
52470281J	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
52472017R	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
35436150G	ANA MARÍA ASOREY BREA	SÍ
44827857Y	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
44843918J	EDUARDO JOSÉ DAVILA RODRÍGUEZ	SÍ
52472456A	JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS	SÍ
76866604Y	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
52470095B	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN	SÍ
44089524L	LUCÍA SEOANE ROSENDE	SÍ
52471166R	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
76796340F	MANUEL FERNÁNDEZ CERDEIRA	SÍ
76868700D	MARÍA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
35455186L	MARÍA MONTESERRAT MACEIRAS VICENTE	SÍ
76871181Y	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ

Concello da Estrada



35440840W	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
52472335C	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
76859732B	NEMESIO REY PAZOS	SÍ
44091955N	ROMÁN SUÁREZ PORTO	NON
35445066L	ROSA MARÍA MÉNDEZ ARAGUNDE (En calidade de Interventora acctal)	SÍ
44092708Y	SILVIA NEIRA IGLESIAS	SÍ
76860863S	XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
76865922Z	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria accidental a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 3 DE MAIO DE 2018

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 3 de maio 2018, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

EXPEDIENTE 3081/2018. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO EN RELACIÓN COA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MÓVETE PARA A CONSTRUCCIÓN DUN APARCADOIRO SOTERRADO DE XESTIÓN MUNICIPAL NOS TERREOS DE AMPLIACIÓN DA ALAMEDA.

Desfavorable **Tipo de votación:** Ordinaria
A favor: 1, En contra: 11, Ausentes: 8 (por abandono da sesión á hora de proceder á votación)

Concédesse a palabra á voceira do grupo municipal de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para presentar a moción que da lugar a este punto da orde do día, a cal se transcribe literalmente de seguido:

“Actualmente a escaseza de zonas aparcamento no centro da vila supón unha

Concello da Estrada



problemática para moitos/as veciños/as, principalmente para os/as que se desprazan dende o rural. As respostas dadas dende o Concello en aras de resolver esta problemática son provisionais, pois hai que ter en conta que as áreas de aparcadoiro son terreos privados. Ademais, a previsión do actual goberno municipal é avanzar na peonalización das rúas próximas á alameda, co cal a problemática derivada da falta de aparcamento pode incrementar. Precisamente, se temos en conta a inminente reorganización e ampliación da Alameda Municipal impulsada polo goberno, convén valorar que os terreos recentemente expropiados e sobre os que se vai levar a cabo a ampliación presentan un importante desnivel.

No proxecto de reorganización e ampliación da Alameda Municipal elaborado pola empresa IDOM contéplase unha partida para “movemento de terras” de 49.810 €. Trátase dunha cantidade elevada para conseguir que os terreos recentemente expropiados adquiren o mesmo nivel que os do parque actual. De aproveitar a situación do terreo, onde se vai levar a cabo a ampliación, para a construción dun aparcadoiro soterrado, obteríamos unha superficie aproximada de 3.815 metros cadrados, suficientes para 120 coches. O orzamento final da construción do aparcadoiro soterrado sería duns 540 € metro cadrados (IVE incluído), polo que o orzamento total rondaría os 2.000.000 € e en 8 anos estaría rendibilizado.

A inversión estaría descontada en 8 anos. Se temos en conta a capacidade de 120 coches e un ingreso mínimo de 5 € día por coche, acadaría os 600 euros que multiplicados por 365 días chegarían aos 220.000€ ano aproximadamente. Xunto esta previsión habería que ter en conta que en 2 ou 3 anos a afluencia de coches á área de aparcamento iría en aumento e que se podería establecer un prezo especial durante as noites para os/as veciños/as da contorna. O cálculo indica que en menos de dez anos a inversión estaría totalmente amortizada e o Concello ofrecería unha zona de aparcamento céntrica e estable.

Por todo isto, o Grupo Municipal de Móvete do Concello da Estrada, presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal o seguinte ACORDO:

Facer un estudo de viabilidade para a obra de construción dun aparcadoiro subterráneo nos terreos da ampliación da Alameda Municipal.”

Despois de dar lectura á súa moción, a Sra. Blanco lembra a promesa electoral do grupo do PP sobre a construción do aparcadoiro soterrado na Alameda municipal, sen embargo, chegado o momento idóneo para levar a cabo dita promesa, rexeitan levar a cabo dito proxecto sen, ni sequera, estudar a súa viabilidade, poñendo como escusa a súa extemporaneidade, negando a posibilidade de participación dos grupos da oposición no deseño do proxecto da Alameda, ao igual que en todos os proxectos a financiar cos fondos EDUSI a pesares de obrigatoriedade de levar a cabo procesos participativos, con, incluso, un cambio de regras na xestión dos fondos EDUSI adoptado polo grupo de goberno a espaldas da normativa imposta polo Ministerio.

Toma a palabra a voceira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, lembrando que, na Comisión Informativa á que se someteu previamente esta moción, o seu grupo político propuxo unha emenda a esta moción e que foi aceptada polo resto dos grupos políticos, na cal se propoñía facer un estudo de alternativas a un proxecto que se vai a levar tres millóns e pico de euros do Orzamento municipal e que poidan dar solución a unha serie de demandas básicas, por exemplo, a instalación de baños públicos, así como outras relativas á pérgola existente na actualidade na alameda, os muros perimetrais, etc..

En canto á proposta de Móvete para a construción dun aparcadoiro soterrado, a Sra. Louzao traslada a súa desconformidade coa mesma, xa que non está de acordo na creación de aparcamentos municipais con carácter lucrativo, considerando que existe espazo suficiente no noso municipio para a creación de espazos de aparcamento gratuítos; sen embargo, está conforme co estudo de alternativas a un proxecto de tres millóns e medio de euros, sendo iso o tratado na Comisión Informativa de Urbanismo e que, por maioría, o grupo de goberno impediron facer, impondo un modelo que, ao mellor, non ten nada que ver coas necesidades e expectativas dos estradenses, sobre todo, tendo en conta que non van a coñecer dito proxecto ata que se leve a cabo, xa que non foi sometido ao trámite de participación, tan só se abriu un prazo para que os demais grupos da oposición fixeran propostas, propostas que o grupo de goberno ignorou.

Reitera que na Comisión se propuxo facer un estudo de alternativas, que se rexeitou polos votos en contra do PP e, deste xeito, seguir co proxecto en solitario, ao igual que cando acordaron delegar competencias do Pleno en materia de contratación á Xunta de Goberno Local, órgano este último que conta coa única participación de membros do PP.

Polo anterior, a Sra. Louzao lamenta as formas de actuar do Partido Popular, despois de dicir mentiras sobre a participación do resto das forzas políticas. Demanda unha vez máis que se faga un estudo de alternativas ao proxecto de remodelación dos Xardíns municipais e que se teñan en conta outras propostas. Por iso, apoiándose na moción de Móvete, e que foi emendada na Comisión Informativa de Urbanismo sendo isto o que realmente se someteu a votación, pide que nesta sesión plenaria sexa o que se vote, é dicir, que se someta a votación a realización dese estudo de alternativas a dito proxecto.

Intervén o voceiro do BNG, **D. Xosé Magariños**, para apoiar o manifestado pola voceira do partido socialista, preguntando que é o que realmente se vai a votar neste punto, é dicir, se a moción presentada polo grupo de Móvete (creación dun aparcamento soterrado), o ben coa emenda que se tratou na respectiva sesión da Comisión Informativa de Urbanismo (a realización dun estudo de alternativas ao proxecto da Alameda).

O **Sr. Alcalde** aclara que o Ditame da Comisión Informativa propón o rexeitamento da moción presentada polo grupo de MÓVETE.

A **Sra. Belén Louzao** di que todos estaban presentes nesa sesión, e que a nomeada emenda foi posta enriba da mesa, sendo aceptada por todos, co gallo de realizar un estudo de alternativas no que se analice a viabilidade doutras propostas de melloras ao actual proxecto da Alameda, sendo iso o que se votou na nomeada Comisión.

Intervén o Concelleiro **D. Alberto Blanco Carracedo**, en calidade de Presidente da Comisión Informativa de Urbanismo, para aclarar que na mesma aceptáronse as propostas de estudar, a posteriori, temas relacionados co proxecto da Alameda coa instalación de baños, a pérgola, entre outros, pero o tema da moción era o que había, deixando a porta aberta para falar noutras sesións da Comisión Informativa sobre alternativas ou propostas ao nomeado proxecto.



A **Sra. Mar Blanco**, di que ela aceptou a emenda para engadila a súa moción .

O **Sr. Alcalde** di que hai que someterse ao ditame que redactou o Secretario da Comisión e, polo tanto, o que hai que votar é o que nel se propón, é dicir, a moción de Móvete sobre a construción dun aparcadoiro soterrado de xestión municipal nos terreos de ampliación da Alameda.

Di o **Sr. Xosé Magariños** que entón non hai moito que debater, xa que o seu grupo político votou nesa Comisión a favor da realización dese estudo de alternativas e non a favor da construción dun aparcadoiro soterrado, por considerala unha obra non viable.

A **Sra. Belén Louzao** di que o que finalmente se debateu na Comisión foi a emenda á moción e o que realmente se votou, polo que non van a participar na votación deste punto ao non estar de acordo co fondo da proposta.

O Concelleiro **D. Alberto Blanco** considera que se están a confundir de Comisións, é dicir, entre a sesión na que se tratou esta moción e a outra na que se presentou o proxecto de remodelación da Alameda. Pero, de todos xeitos, o que vale é o ditame redactado polo Secretario da Comisión.

O **Sr. Alcalde** di que as actas das Comisións están nos respectivos expedientes e o ditame que figura neste expediente é claro con respecto ao que se propón a esta sesión plenaria, reiterando que se literalmente di: “..... *ditaminou desfavorablemente a reseñada moción ao tempo que propuxo ao Concello Pleno o seu rexeitamento.*”

A **Sra. Belén Louzao** reitera o seu desacordo coa redacción do dito Ditame, así que cando se someta a aprobación da respectiva acta á próxima sesión, solicitará a súa corrección, e, por non compartir o fondo do asunto e por cuestión de orde, pide que este asunto quede sobre a mesa ata que se aclare esta discrepancia, en caso contrario o seu grupo político non participará na votación deste punto, ao considerar que non é proposta que saíu do debate da Comisión Informativa.

O **Sr. Alcalde** lle recrimina que non exercera a súa función como Concelleira, e non lera a documentación contida en cada un dos expedientes sometidos a esta sesión plenaria, xa que a función del mesmo é dirixir o Pleno e someter a votación o recollido en cada ditame, non existindo competencia de modificar a redacción dunha acta elaborada e asinada polo respectivo funcionario que exerce a secretaría de cada Comisión.

A **Sra. Belén Louzao** aclara que non está a pedir que se modifique a acta, senón que quede o asunto sobre a mesa ata que se aclare este asunto ou se corrixa a acta na que se recolleu este asunto. Por outra banda, contestando ao **Sr. Alcalde**, di que unha vez convocado o Pleno e cando se pode ver a documentación dos expedientes, carecendo de autoridade para para modificar a Orde do Día da convocatoria, sendo o único que se pode facer é manifestar unha



cuestión de orde sobre a non procedencia da proposta.

O **Sr. Alcalde** deixa á opinión da voceira de Móvete sobre se a moción se adapta á súa moción ou ben entende que é modificable, se se somete a votación ou se apraza.

A **Sra. Mar Blanco** di que ela aceptou a emenda que o grupo socialista propuxo na Comisión, entendendo que se aprobaba e hoxe se sometería a votación a emenda; pero se non é así, entón a ela lle gustaría que se sometera a votación a súa moción; sen embargo, se os outros grupos políticos (PSdeG-PSOE e BNG) deciden que quede sobre a mesa ata que se corrixa a acta da Comisión, non tería problema e aceptalo, coa condición que non empezara a obra da Alameda antes de facer o estudo de viabilidade.

O **Sr. Alcalde** di que as moción “in voce” son viables nunha sesión plenaria, polo que se se saben cales son as cuestións que queren introducir á moción de Móvete non hai problema en someter a debate e posterior votación.

A voceira do partido socialista, **Dna. Belén Louzao**, reitera o que se propuxo no seu día, a necesidade de facer un estudo de alternativas previo á execución da obra da Alameda mediante o estudo da viabilidade de melloras ao proxecto ou introdución doutras ao mesmo, segundo as propostas de todos os grupos políticos, previos os análises técnicos e demais informes que fagan falta. Di, novamente, que iso foi o que se votou na Comisión, lembrando que, incluso, o voceiro do BNG preguntou o que se estaba a votar aclarándolle que era isto último e non a moción literal de Móvete. Polo que di que se agora se vota esta emenda, o seu grupo participará, en caso contrario, non emitirán voto algún.

O **Sr. Magariños** manifesta a súa conformidade co dito pola Sra. Louzao, xa que considera necesario a introdución de alternativas ao proxecto da Alameda e que satisfagan aos estradenses, non compartindo a construción do aparcamento soterrado, pero non rexeita facer un estudo económico sobre a mesma.

Intervén **D. Alberto Blanco** ao considerar que é necesario poñer claridade a este tema. En primeiro lugar, na sesión da Comisión Informativa celebrada o 23/05/2018 tratouse dentro da Orde do Día a proposta de aprobación do proxecto de execución da obra “Reurbanización e ampliación da Alameda”, e, fóra da Orde do día da mesma sesión, incluíuse a moción presentada con data 16/05/2018 polo grupo municipal de Móvete para a construción dun aparcadoiro soterrado de xestión municipal nos terreos de ampliación da Alameda, sendo dous puntos distintos e, polo tanto, ditamináronse por separado; pois ben, si que se faláron de emendas, pero ao proxecto de execución e non á moción que, por certo, ninguén estaba de acordo con esta última. Do dito despréndese que a proposta dos outros grupos políticos a efectuar o reiterado estudo de alternativas refírese ao proxecto de execución (tratado no punto 3º da Orde do Día da Comisión Informativa de Urbanismo), aceptándose efectuar dito estudo e a introdución de detalles complementarios a dito proxecto de execución, non tendo nada que ver co que se está dicindo de introducir unha emenda á moción de Móvete

O **Sr. Alcalde**, ao abeiro da explicación dada polo Sr. Blanco Carracedo, cre que queda suficiente aclarado o debatido na nomeada Comisión, sendo un asunto o Proxecto de execución da Alameda e outro a moción de Móvete, ditaminándose por separado, e que a proposta de facer un estudo de alternativas ao proxecto refírese ao punto no que se ditaminou este e non á moción, onde incluso este grupo de goberno comprométese a estudar a introducir modificacións ao proxecto que contemplan a instalacións de baños, así como outras alternativas manifestadas pola oposición.

Polo tanto, débese someter a votación o que se recolle no título deste punto, é dicir, a moción de Móvete.

A **Sra. Belén Louzao** mantén o dito nas súas intervencións e, por non estar de acordo co fondo do asunto que se somete a votación e coas explicacións dadas polo Sr. Blanco Carracedo e o Sr. Alcalde, o seu grupo de goberno non participará na mesma, auséntase da sesión durante esta fase, incorporándose cando se trate o punto seguinte da Orde do Día.

O **Sr. Alcalde** fai unha introdución sobre os motivos da remodelación da Alameda e os distintos procesos que se levan a cabo para a execución da dita obra. En canto a construción dun aparcamento soterrado, di que se fixo un estudo económico para valorar a súa viabilidade, e ante o resultado negativo do mesmo, optouse por adaptar terreos destinados a aparcamentos gratuítos, mediante arrendamentos con opción de mercalos, creando así sobre catrocentas prazas de estacionamento, habendo, incluso, máis marxe de creación de máis prazas nun futuro. En definitiva, considera que a oposición non ven os traballos e os bos proxectos do grupo de goberno, tan só se adican a poñer barreiras á boa xestión en vez de facer propostas.

A **Sra. Mar Blanco** pide a palabra para aclarar que apoia a solicitude dos fondos EDUSI, pero se abstiveron na votación de aprobación do proxecto de execución das obras da Alameda pola forma en que se fixo a Memoria . Así mesmo, lembra que no ano 2016 o seu grupo presentou ata trinta propostas para canalizar a través destes fondos, polo que non permite que se diga que non presentaron nada e, por encima, non se chegaron a debater

Tamén di que non sabe si é viable ou non a construción do aparcamento soterrado, por iso se presenta esta moción para poder estudar esta opción, baseándose tamén na promesa electoral do PP que, naqueles momentos dicía que era viable, entón tamén quería saber que foi o que cambiou para que agora digan que non o é.

O **Sr. Alcalde** di que este grupo de goberno, con respecto ao seu programa electoral de 2011, cumpriu e está a cumprir case todo o que nel se contemplaba, pero, con respecto, ao programa electoral do 2015 xa non se recollía o do aparcamento soterrado, senón o da ampliación da alameda. Por outra banda, as propostas presentadas por Móvete fixéronse cando a ADUSI xa estaba aprobada, xa que houbo un prazo outorgado para aportar propostas (mediante reunións de participación, mesas redondas, etc, previas invitacións aos partidos políticos e asociacións) e a aprobación das ditas propostas e proxectos faise por maioría, e ten que ser consciente de que o seu grupo político conta cun só concelleiro/a, sen esquecer que non



presentou propostas dentro do prazo establecido.

Por outra banda, con respecto ao estudo económico que se inclúe na moción, non é sostible e carece de fundamento. Sen embargo o equipo de goberno fixo un estudo exhaustivo comprobando a súa inviabilidade e buscando outras opcións para solucionar o problema de aparcamento e de forma gratuíta.

A **Sra. Mar Blanco** pregunta canto se está a pagar aos propietarios dos terreos que se teñen arrendados para zonas de aparcamento e cando remata o contrato co propietario do sito na Avda de América.

Resposta o **Sr. Alcalde** que supón un custo aproximado de sete mil euros ao ano; en canto ao aparcamento da Avda de América, existe un convenio asinado do propietario do terreo para efectuar anualmente un pagamento de mil euros ao ano e cunha duración de ata o 31/12/2021, e cando estea feito o plan de desenvolvemento este Concello obterá un terreo totalmente gratuíta, en caso que na data de remate da vixencia do Convenio dito plan de desenvolvemento non estea executado, entón se lle pagará un arrendamento de 25.000,00 € anuais.

Pide a palabra o Concelleiro **D. Alberto Blanco**, para aclarar, en calidade de Presidente da Comisión Informativa de Urbanismo, que o grupo municipal de MÓVETE non participou na escena teatral do PSOE e BNG, xa que MÓVETE ten a prerrogativa de aceptar ou non as emendas, polo que entende que, coa súa posición, acredita a posición do Presidente e do Secretario da Comisión sobre que a versión dos outros grupos da oposición non se axusta á realidade do debatido na nomeada sesión informativa.

A **Sra. Mar Blanco** cre que si foi aceptada a nomeada emenda e corrixir a moción, pero o grupo de goberno se negou a elo, quedándose na fase de votación porque o seu deber é defender a súa moción.

O **Sr. Alcalde** interrompe ao considerar este asunto o suficientemente debatido, polo que finalmente,

Vista a Moción presentada con data 16/05/2018 (2018-E-RCIU-2) polo grupo municipal de MÓVETE, en relación á construción dun aparcadoiro soterrado de xestión municipal nos terreos de ampliación da Alameda.

Visto o Ditame desfavorable acadado pola Comisión Informativa de Urbanismo en sesión de data 23/05/2018.

Sométese a nomeada moción a votación, sendo rexeitada polos votos en contra do PP, as ausencias do PSdeG-PSOE e BNG (que abandonan a sesión no momento da votación), e a favor de MÓVETE.



Expediente 2504/2018.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS, RELATIVO AO RECOÑECEMENTO DE COMPATIBILIDADE PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADE, INTERESADO POR FUNCIONARIO PÚBLICO.

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Toma a palabra o Concelleiro delegado de Persoal, **D. Alberto Blanco Carracedo**, para explicar que neste punto, á vista da solicitude presentada polo funcionario D. Javier Paz Vidal para exercicio de segunda actividade, iniciouse o respectivo expediente, o cal conta cos informes preceptivos de Tesourería e Secretaría, así como, entre outros, do Ditame adoptado pola Comisión Informativa de Organización Persoal e Asuntos Xerais, propoñéndose nesta sesión plenaria o recoñecemento da compatibilidade solicitada.

Intervén a voceira do Partido Socialista, **Dna. Belén Louzao**, para trasladar o seu apoio a esta proposta, por ser un dereito dos funcionarios e contar cos informes favorables dos departamentos correspondentes.

Non habendo intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a solicitude presentada por D. Javier Paz Vidal, funcionario deste Concello, en data 18 de abril de 2018 (2018-E-RE-773), complementada con outro escrito de data 08/05/2018 (RE 2018-E-RE-958), en relación coa concesión de compatibilidade para desempeño dunha segunda actividade correspondente á sección 3, división 01, agrupación 016, da listaxe do Imposto de Actividades Económicas.

Vista a Providencia da Alcaldía de data 22/05/2018.

Visto o informe emitido pola Sra. Tesoureira accidental o 22/05/2018.

Visto o informe asinado pola Sra. Secretaria accidental o 28/05/2018.

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 28/05/2018, para o recoñecemento da compatibilidade para a exercicio de actividade privada, interesada polo Sr. Paz Vidal.

Visto o Ditame favorable acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, en sesión celebrada o 31/05/2018.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Recoñecerlle a D. Javier Paz Vidal a compatibilidade solicitada para a actividade de “humoristas, caricatos, excéntricos”; compatibilidade que se axusta á normativa aplicable, sempre que se de cumprimento ás limitacións legalmente establecidas.

Segundo.- Notificar este Acordo ao interesado xunto co seu réxime de recursos.

Terceiro.- Inscribir esta incidencia no Rexistro de Persoal, de ser o caso.



Cuarto.- Poñer en coñecemento deste acordo aos Departamentos municipais de Intervención e Tesourería.

Expediente 2647/2018. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS, EN RELACIÓN Á MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE MÓVETE PARA INSTAR AO GOBERNO GALEGO PARA QUE IMPULSE UNHA MESA DE DIÁLOGO PARA O TRANSPORTE PÚBLICO.

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 9, En contra: 11, Abstencións: 0, Ausentes: 0

A voceira do do grupo municipal de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, procede a explicar a Moción presentada con data 25/04/2018 (2018-E-RCIO-2) e que se transcribe literalmente de seguido:

"Galiza necesita outra política de Transporte. Unha política integral que teña como obxectivo prioritario a articulación territorial do país. Articulación que debe estar vertebrada por unha interconexión de calidade entre áreas metropolitanas, núcleos vilegos, zonas periurbanas e rurais, capaz de dar resposta ás demandas de mobilidade presentes e futuras da nosa poboación.

Resulta pois, fundamental, transcender a dimensión espacial do termo transporte (centrado no acto físico de portar mercadorías e persoas) e introducir a dimensión social que leva consigo implícita a mobilidade, centrada na capacidade das persoas para exercer un desprazamento. Dimensión social transversalizada en todo momento por un elemento clave: a accesibilidade.

Atopámonos nun momento transcendental para que as galegas e galegos poidamos contar cun Plan de Transporte Público de Galiza que dea respostas concretas e efectivas a problemáticas históricas do noso territorio. O límite temporal fixado pola Lei 10/2016 de Medidas Urxentes para a Actualización do Transporte Público, obriga á aprobación do Plan de Transporte 22 meses despois da súa entrada en vigor, polo que se conta cun horizonte duns meses por diante para a súa aprobación.

Temos por tanto, a OPORTUNIDADE E A RESPONSABILIDADE de acometer coa máxima premura os traballos que sexan necesarios para que a elaboración do Plan de Transporte de Galiza conte coa máxima participación e diálogo social, garante de que se fixe como eixo fundamental a optimización do servizo en base a criterios de rendibilidade social, sostibilidade, transparencia e necesidade. Temos a oportunidade e a responsabilidade de que o Plan de Transporte sexa froito dunha planificación integral da mobilidade do país artellada baixo os principios de solvencia técnica, rigor técnico e máxima seguridade xurídica.

A Sentenza de marzo de 2016 do Tribunal Supremo, que anulou 129 concesións de transporte público por estrada, prorrogadas pola Xunta apelando a criterios contrarios á lei, dan boa conta do desleixo e irresponsabilidade co que foi tratado un sector estratéxico para o noso país. Un sector no que o Partido Popular leva décadas favorecendo a creación dun mercado do transporte en beneficio das grandes compañías, poñendo por riba dos dereitos das



persoas, criterios mercantís e de redución de custos. É unha obriga para o futuro do noso país mudar o rumbo. Galiza non entrará no SXXI ata non ter unha rede de transporte público de calidade, cómpre poñer todos os esforzos en acadala. Con ese obxectivo é fundamental a defensa dos seguintes principios básicos:

1. Garantir o dereito á mobilidade: Toda planificación da mobilidade no noso país debe estar fundamentada no beneficio social e na búsqueda de mellora de calidade de vida da poboación, reducindo os tempos empregados nos desprazamentos e garantindo que se poidan exercer dentro de parámetros de equidade e xustiza social, con independencia de renda e lugar de residencia.

2. Garantir un transporte público de calidade, capaz de dar alternativa real ao vehículo privado, con independencia dos factores socioeconómicos das persoas usuarias. Un transporte público de calidade será aquel que polas súas características sexa percibido como atractivo e útil pola poboación de forma transversal, cunha tipoloxía de usuario que abranga todas as franxas de idade, renda ou lugar de residencia.

3. Mellorar a calidade ambiental e impulsar a soberanía enerxética. Dispoñer dun transporte público efectivo incidirá nun uso racional do vehículo privado, este feito leva aparelada indubidablemente unha redución de emisións de CO2 e de gases contaminantes, así como unha diminución do consumo enerxético global.

4. Garantir a Accesibilidade en todo o Transporte Público.

5. Apostar polo equilibrio territorial e pola proximidade: A rede de transporte público debe ser vector de equilibrio entre os diversos territorios, garantindo o acceso a servizos a toda a poboación con independencia do seu lugar de residencia. Debe requirir especial atención o fomento dun transporte de proximidade.

6. Impulsar o dinamismo económico: A mobilidade debe permitir favorecer o atractivo das actividades terciarias, converténdose nun instrumento para desenvolvemento económico do país, contribuíndo en definitiva á dinamización económica do mesmo.

7. Integrar a todos os colectivos e administracións implicados. Deben estar integrados todos os colectivos e axentes con implicación na materia dentro dun marco de colaboración activa. Ao mesmo tempo que se debe contar con todas as administracións con facultade e competencia na materia para traballar en prol dun dereito que afecta á vida cotiá da poboación.

Dado que un novo modelo de mobilidade que vertebre un novo modelo de país, só responderá ás necesidades reais da poboación se é froito do diálogo social dentro dun marco de colaboración activa e só responderá a criterios de beneficio social sobre os beneficios monetarios se é elaborado nun marco de participación social e transparencia.

Por isto, O Grupo Municipal Móvete considera imprescindible constituír unha Mesa para o Diálogo do Transporte Público con representantes da Xunta, sindicatos e empresas do sector, concellos e Deputacións, direccións de colexios e ANPAS, ademais de asociacións da sociedade civil que sumen representatividade, coñecementos e capacidade propositiva para podermos, así, articular un espazo de información, deliberación, debate e deseño participativo do novo Plan de Transporte Público de Galiza.

E propón o seguinte ACORDO para o seu debate e aprobación en Pleno:

O Concello da Estrada insta ao Goberno galego a impulsar unha Mesa para o Diálogo



do Transporte Público coa fin de dotarnos dun Plan de Transporte Público en base aos seguintes obxectivos:

-Deseñar unha rede de transporte colectivo atractivo polo número de frecuencias e rutas, baixo as premisas de fiabilidade, puntualidade, accesibilidade e competitividade en tempos.

-Artellar o país coa lóxica metropolitana e comarcal, impulsando medidas como a conexión coas cabeceiras de comarca, implantación de aparcamentos disuasorios nas contornas das áreas urbanas e introdución do transporte urbano onde non exista.

-Impulsar a intermodalidade con outros medios de transporte , implementando “sistemas de xestión e tarifarios unificados para para incluír, ademáis dos autobuses urbanos e metropolitanos, novas opcións coma os ferrocarrís de proximidade, tranvías e metros lixeiros, transporte marítimo metropolitano etc.

-Deseñar unha rede de transporte colectivo tendo en contas as diferentes áreas funcionais, dando cobertura e conexión aos principais nodos atractores de mobilidade como hospitais, universidades, polígonos industriais, estacións etc.

-”Fomento doutras formas de mobilidade sostible”, tanto ciclista como peonil

-Garantir a mobilidade en espazos rurais e zonas de baixa densidade de poboación mediante “ a implantación progresiva de concesións zonais, uso de vehículos de transporte colectivo de menor tamaño e outras iniciativas como programas de transporte a demanda ou transporte escolar compartida.

-”Desenvolver sistemas integrados de transporte colectivo nos espazos de maior densidade litoral como as Rías Baixas e a Mariña de Lugo, Incluindo o transporte marítimo metropolitano dentro da oferta do transporte público.

-Sincronizar a oferta de transporte público cos incrementos de demanda estacionais relacionados co turismo, garantindo a calidade do servizo e dando resposta ás demandas específicas derivadas de dita actividade, mediante aumento de frecuencias e rutas.

-Adaptar a oferta de transporte público aos incrementos de demanda relacionados cos calendarios escolares e universitarios e relación desta cos fluxos de mobilidade específicos da comunidade educativa e universitaria. Supresión da estacionalidade relacionada cos calendarios escolares e universitarios cando isto supoña unha redución de oferta e unha diminución da calidade do servizo. -Incluír a perspectiva de xénero no deseño das redes de transporte público, horarios, rutas, paradas e equipamentos. Así como impulsar medidas que resolvan as carencias do transporte público colectivo no referente á percepción de seguridade.”

Pide a palabra a voceira do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, para dicir que é necesario traballar nesa mesa de diálogo co fin de mellorar o transporte público, non só con outros concellos senón tamén dentro da nosa vila, xa que é necesario atender e mellorar o transporte dende as parroquias deste concello ao casco urbano, sendo esta a razón pola que apoian esta moción, lembrando que na Comisión Informativa á que foi sometida a mesma o seu grupo político propuxo que se engadira á nomeada moción un punto para que se inste á Xunta de Galicia para que os concellos de Galicia foran interlocutores preferentes ao efecto.

Intervén o voceiro do BNG, **D. Xosé Magariños**, manifestando o seu apoio a esta moción.



Toma a palabra o Concelleiro, **D. Alberto Blanco Carracedo**, aclarando que a moción presentada e que se trata aquí afecta a toda a Comunidade Autónoma de Galicia, polo que considera que debería ser presentada ao Parlamento Galego; sen embargo, quere lembrar os traballos que está a facer o Concello de A Estrada cos outros concellos limítrofes, de feito presentouse un proxecto para a mellora do servizo de transporte metropolitano de Galicia ante a Dirección Xeral de Mobilidade conxuntamente cos Concellos de Teo, Ames, Boqueixón, Vedra e Padrón, por medio do cal preténdese actuar directamente sobre a necesidade neste ámbito dos estradenses.

A **Sra. Belén Louzao** considera que, ao abeiro do que dixo o Sr. Blanco sobre o proxecto de transporte metropolitano, esta moción ten cabida nesta sesión, sobre todo porque A Estrada tamén é Galicia, polo que debe instarse á Xunta para que axilicen o nomeado proxecto. Ante o dito, e pide que se reconsidere a decisión de rexeitar esta moción para que, entre todos, facer máis forza nesa liña de traballo, xa que as concesións en materia de transportes en Galicia son, moitas delas, responsabilidade da Xunta.

O **Sr. Alcalde** considera que a oposición se equivoca e está pouco informada sobre o que é a xestión municipal, xa que o proxecto de mellora dos transportes metropolitano de Galicia iniciouse por un escrito do Sr. Alcalde do Concello de Teo de fai aproximadamente oito meses, ao que se sumaron os demais Concellos, e que ten por obxecto a creación dun novo mapa de concesións de liñas de transportes en Galicia co gallo de que no vindeiro ano 2019 vencen as concesións públicas, polo que, ante a pronta chegada desta data, a Xunta de Galicia iniciou a confección dun novo plan de transporte público; así que fai xa un ano que se está a tramitar este proxecto, sen embargo preséntase esta moción cando xa finalizou o prazo de presentación de proxectos, o prazo de alegacións, etc, sendo esta a razón polo que considera que a oposición está desinformada, ademais de actuar fóra de tempo.

Tendo en conta o sinalado, esta moción non ten cabida xa que o proxecto xa está en marcha e moitas das cousas que se recollen na mesma están xa levándose a cabo pola Xunta dentro do seu plan de remodelación das liñas galegas de transporte, informando que el mesmo acudiu a varias reunións co fin de elaborar este plan, ao igual que outros representantes de municipios galegos. En definitiva, este plan de transporte xa está elaborado, ao igual que outro relativo á mellora da mobilidade dos veciños do rural, denominado “TES MÁIS BUS”, así como o proxecto de “AUTOBÚS COMPARTIDO” (utilización do transporte escolar por persoas adultas).

O Sr. Alcalde di, dirixíndose á voceira de Móvete, que vai moi atrás da realidade da xestión municipal e autonómica, e, por ende, nesta moción solicítanse cousas que xa están tramitadas ou en tramitación, por exemplo o transporte á área sanitaria de Santiago.

Continua dicindo que dende fai moito tempo o seu grupo de goberno realizou trámites para mellorar o transporte público para os estradenses, mostra diso é a incorporación do noso concello á área de transporte metropolitano de Santiago e que supón un gasto de, aproximadamente, oitenta mil euros ao ano, aportados conxuntamente por este Concello e a Xunta de Galicia, para alcanzar unha rebaixa do billete para os usuarios, conlevando tamén a gratuidade na primeira viaxe no transporte urbano de Santiago de Compostela.



Polo manifestando na súa intervención, o Sr. Alcalde considera que non poden apoiar esta moción, xa que se trata dun tema xa resolto, pedindo novamente aos membros da oposición que se poñan o día da xestión municipal para non caer en peticións de asuntos que xa están resoltos.

A **Sra. Mar Blanco** insta para que se mellore a calidade do transporte público e que se inste á Xunta para que tamén o faga.

O **Sr. Alcalde** lle resposta que iso é demagogia pura, e que xa houbo reunións coa Xunta en relación a ese tema, volvendo a nomear todo o que se está a facer e que queda recollido na súa anterior intervención.

Non habendo máis intervencións, e

Vista a Moción presentada polo grupo político municipal de MÓVETE con data 25/04/2018 (2018-E-RCIO-2),

Visto o ditame desfavorable acadado polo Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, en sesión celebrada o 31/05/2018,

Procédese á votación, rexeitándose a moción polos votos a favor do PSdeG-PSOE, BNG e MÓVETE; e, en contra do PP.

Expediente 3174/2018. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS, EN RELACIÓN COA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A MELLORA DA ESTRADA PO-2016 (A ESTRADA - MEAVÍA) Á N-640

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Toma a palabra o voceiro do grupo político municipal do BNG, D. **Xosé Magariños**, para pedir que esta moción así como a outra que se trata no seguinte punto da Orde do Día sexan debatidas conxuntamente, aínda que a súa votación farase individualmente, por tratarse de asuntos relacionados, unha sobre a mellora do acceso da estrada PO-2016 á N-640 e a outra en relación á mellora da seguranza no tramo urbano da N-640.

O **Sr. Alcalde** está de acordo con esta proposta, pero aclarando que a votación ten que ser por separada, ao tratarse de puntos distintos da Orde do Día.

Continúa o **Sr. Magariños** para expoñer, en primeiro lugar a moción presentada polo seu grupo político en relación coa necesidade de mellorar a seguranza do tramo urbano da N-640 (moción que se trata no punto seguinte a este na orde do día, correspondente ao expediente 3175/2018), en consecuencia di que a N-640 soporta un importante fluxo de vehículos, o que fai que ao seu paso polo casco urbano, no tramo coñecido como Avenida Benito Vigo, orixine un incremento das situacións de perigo pola interrelación cos peóns que se desprazan polas beirarrúas da mesma ou que a queren atravesar; especialmente o tramo que vai desde a Escola de



Música ata a rotonda das Colonias, onde non existe un so paso para peóns e o último semáforo non regula o cruce de viandantes. Esta situación é especialmente perigosa unha vez que entre en funcionamento a nova Escola Infantil e o novo Centro de Saúde.

Dí que, ademais, ao final da Avda. Benito Vigo atópase o enlace que une a N-640 coa PO-2016, que é a vía de comunicación da vila coas parroquias de Guimarei, Cereixo, Ribela e Vinseiro e co concello veciño de Forcarei.

Polo tanto, considera que nos atopamos ante un tramo perigoso que merece a urxente actuación do Ministerio de Fomento, titular desta estrada, dotándoo de medidas de seguranza vial que garanta non só unha circulación de vehículos segura, senón tamén que permita que os veciños e veciñas poidan cruzar a N-640 o fagan con todas as garantías para a súa integridade física e, por esta causa, debe instarse ao Ministerio de Fomento para que dote das medidas que considere oportunas para mellorar a seguranza vial dos veciños e veciñas así como dos vehículos que atravesan ese tramo.

Con respecto á moción obxecto deste punto (expediente 3174/2018), di que a estrada PO-2016 permite a comunicación co núcleo urbano e coa N-640 a poboación residente en cinco parroquias do noso concello: Ribela, Vinseiro, Cereixo, Lagartóns e Guimarei; así como as parroquias de Forcarei de Meavia e Quintillán. Isto fai que teña un volume de tráfico considerable, xa que son moitas as persoas que se desprazan diariamente á vila, ben por motivos de traballo, ben por facer as súas compras ou por outros motivos varios; así mesmo é unha vía que non ten unhas beiravías mínimas que permitan unha seguridade básica para os peóns. Esta circunstancia agrávase nas proximidades do enlace coa N 640 onde se incrementa o tráfico de persoas, ademais de presentar para os vehículos unha serie de problemas, entre os que destacamos os seguintes: a falta de visibilidade que dificulta prever se ven un vehículo no sentido contrario, o enlace co vial que proven do lugar da Torre non conta con boa visibilidade, a falta de beiravía non permite achegarse á beira con garantías no caso de cruzarse con outro vehículo, o perigo na incorporación a N 640 pola mala visibilidade, e pola falta de elementos de regulación do tráfico nesta estrada, os vehículos que circulan pola N 640 no sentido Lalín-A Estrada e que precisan incorporarse á PO 2016 non poden efectuar esta manobra, tendo que proseguir a marcha ante un lugar que lle permita facer un cambio de sentido, este cambio faise no espazo existente diante do antigo concesionario da Ebro-Nissan, pero que non é unha zona onde se poida facer esta manobra en condicións de seguridade; engadíndolle ademais que non sempre é posible facelo ao estar ocupado este espazo por outros vehículos o que impide facer o cambio de sentido.

Polo exposto e, en relación á mellora do acceso da estrada PO-2016 á N-640, propón de que se debe instar á Excm. Deputación de Pontevedra, titular da vía PO-2016, para que lle poña solución a esta situación, dotando a este último tramo da vía do ancho de calzada suficiente e á mellora do entronque coa N 640.

Pide a palabra a voceira do partido socialista, **Dna. Belén Louzao**, manifestando o seu apoio ás propostas incluídas nas mocións presentadas polo BNG, lembrando que nunha pasada sesión plenaria se chegou a un acordo unánime para instar á Deputación Provincial, Xunta de Galicia e Fomento para que procederan ao arranxo das estradas deste municipio das que son titulares; así mesmo, lembra que o seu grupo político pediu ao goberno municipal para que



invitara aos organismos instados para que observaran o estado e falta de seguridade que ofrecían algúns dos viais dos que son responsables; sen embargo, a día de hoxe non observa ningunha mellora nin actuación ao respecto, nin sequera a nomeada reunión, deducindo que moita da responsabilidade polo mal estado e abandona destas estradas débense, principal, a desidia do goberno municipal.

Polo dito, a Sra. Louzao traslada novamente o apoio do seu grupo político ás dúas mocións do BNG, pero tamén esixe que se retome a demanda presentada naquela moción do PSOE para o arranxo e mellora dunha serie de estradas que pasan por noso municipio e de titularidade provincial, autonómica e estatal, e pedir que, dunha vez por todas, tomen as medidas necesarias para recuperar os seus bos estados e que non nos dean máis largas.

A voceira de Móvete, **Dna. Mar Blanco**, traslada o seu apoio ás mocións presentadas polo BNG.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** para dicir que tamén se une ao fondos de ámbalas dúas mocións, así como tamén ás outras mocións relacionadas co tema viario municipal e presentadas con anterioridade polo Partido Socialista e outros, xa que existe unha importante necesidade de mellorar a infraestrutura viaria do noso concello e de titularidade provincial, autonómica e estatal, sendo, entre outras estradas fundamentais, a máis importante o proxecto da variante (incluída naquela moción) e na que hai que seguir traballando para que sexa unha realidade, xa que o paso da N-640 polo casco urbano está asfixiando o seu crecemento.

Pasa a enumerar todas aquelas estradas que necesitan de un urxente arranxo e xa recollidas nas mocións do BNG, algunha delas xa en conversacións coa Deputación e coa Xunta de Galicia, pero transmite o problema de que a Deputación non inverte ningún euros na mellora da súa infraestrutura viaria no noso concello ao abeiro da súa política de non inverter en concellos onde non goberna o seu grupo político.

(Xurde unha discusión entre o Sr. Alcalde e o voceiro do BNG, que non se transcribe, por non afectar ao fondo do punto que se está a tratar, pero que queda recollido nos audios arquivados no expediente desta sesión plenaria).

Intervén novamente a **Sra. Belén Louzao** para lamentar a anterior discusión e o comportamento do Sr. Alcalde, así como para lembrar que non se pode dicir que a Deputación non haxa invertido en infraestruturas viarias deste concello, xa que lle consta que nos seus tres anos de xestión inverteu no Concello da Estrada máis de sete millóns de euros, ademais so hai que observar a diferenza entre as pistas no rural da Deputación e as de titularidade municipal, xa que este grupo de goberno ten abandonado totalmente o noso rural.

Por outra banda di que cando a Deputación abriu o prazo para pedir axudas con cargos aos Plans de mellora da seguridade vial, este Concello foi un dos poucos que non a solicitaron. Polo anterior lle pide ao Alcalde que non diga que a Deputación de Pontevedra non quere inverter no noso concello porque está gobernado polo PP e que proceda, dunha vez por todas, a mirar un pouco máis polo noso rural.

O Sr. **Alcalde** lle pide á Sra. Louzao que lle demostre documentalmente a cantidade de inversión da Deputación Provincial de Pontevedra nos seus viais sitios no noso municipio, porque lle consta que esta foi de cero euros.

Continúa dicindo que está de acordo cos puntos que se están tratando, ofrecéndose a acompañar os membros da oposición aos organismos que decidan para instar estas demandas, pero pide que se deixe de discutir sobre cuestións que, no fondo, están todos de acordo.

(Volve a haber unha discusión entre o Sr. Alcalde e a voceira do PSOE, que non se transcribe, pero que queda recollido nos audios arquivados no expediente desta sesión plenaria).

Sucédense unha serie de intervencións polos distintos voceiros que nada teñen que ver co fondo deste asunto, polo que non se transcriben, quedando recollidos, para a súa consulta, nos audios das intervencións.

Unha vez sometida a votación a moción obxecto deste punto, adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción presentada polo grupo político municipal do BNG con data 22/05/2018 (2018-E-RCIO-4) e que se transcribe literalmente de seguido:

"A estrada PO2016 permite a comunicación co núcleo urbano e coa N 640 a poboación residente en cinco parroquias do noso concello: Ribela, Vinseiro, Cereixo, Lagartóns e Guimarei; así como as parroquias de Forcarei de Meavia e Quintillán. Isto fai que teña un volume de tráfico considerable, xa que son moitas as persoas que se desprazan diariamente á vila, ben por motivos de traballo, ben por facer as súas compras ou por outros motivos varios.

É unha vía que non ten uns arcéns mínimos que permitan unha seguridade básica para os peóns. Esta circunstancia agrávase nas proximidades do enlace coa N 640 onde se incrementa o tráfico de persoas. Este tramo presenta ademais para os vehículos unha serie de problemas, entre os que destacamos os seguintes:

- *A falta de visibilidade que dificulta prever se ven un coche no sentido contrario*
- *O enlace co vial que proven do lugar da Torre non conta con boa visibilidade, o que implica realizar a incorporación a PO 2016 en condicións pouco seguras*
- *A falta de arcén non permite achegarse á beira con garantías no caso de cruzarse con outro vehículo, especialmente cando é de grandes dimensións*
- *A perigosidade na incorporación a N 640; non so pola mala visibilidade, se non que tamén pola falta de elementos de regulación do tráfico nesta estrada.*
- *Os vehículos que circulan pola N 640 no sentido Lalín-A Estrada e precisan incorporarse á PO 2016 non poden efectuar esta manobra, tendo que proseguir a marcha ante un lugar que lle permita facer un*



cambio de sentido; este cambio faise no espazo existente diante do antigo concesionario da Ebro-Nissan, pero que non é unha zona onde se poida facer esta manobra en condicións de seguridade; engadíndolle ademais que non sempre é posible facelo ao estar ocupado este espazo por outros vehículos o que impide facer o cambio de sentido.

Polo exposto nos parágrafos anteriores o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte Acordo

Instar ao Goberno Municipal a que se dirixa á Excma. Deputación de Pontevedra, titular da vía PO-2016, para que lle poña solución a esta situación, dotando a este último tramo da vía do ancho de calzada suficiente e á mellora do entronque coa N 640".

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, en sesión celebrada o 31/05/2018.

ACORDAMOS:

Solicitar á Excma. Deputación de Pontevedra, titular da vía PO-2016, para que proceda dotar ao último tramo da vía do ancho de calzada suficiente, así como mellorar o entronque coa N-640.

Expediente 3175/2018. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS, EN RELACIÓN Á MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A MELLORA DA SEGURANZA NO TRAMO URBANO DA N-640

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Este punto foi debatido no punto anterior.

Sometido o asunto a votación, adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a moción presentada polo grupo político municipal do BNG con data 22/05/2018 (2018-E-RCIO-3) e que se transcribe literalmente de seguido:

"A N-640 soporta un importante fluxo de vehículos; o que fai que ao seu paso polo casco urbano, no tramo coñecido como avd Benito Vigo, orixine un incremento das situacións de perigo pola interrelación cos peóns que se desprazan polas beirarrúas da mesma ou que a queren atravesar. Especialmente o tramo que vai desde a escola de música ate a rotonda das colonias, onde non existe un so paso para peóns e o último semáforo non regula o cruce de viandantes. Esta situación é especialmente perigosa unha vez que entre en funcionamento a nova escola infantil e o novo centro de saúde.



Ademais, ao final da Avda. Benito Vigo atópase o enlace que une a N-640 coa PO2016, que é a vía de comunicación da vila coas parroquias de Guimarei, Cereixo, Ribela e Vinseiro e co concello veciño de Forcarei.

Atopámonos ante un tramo perigoso que merece a urxente actuación do Ministerio de Fomento, titular do vial, dotándoo de medidas de seguranza vial que garanta non só unha circulación de vehículos segura, senón tamén que permita que os veciños e veciñas poidan cruzar a N-640 o fagan con todas as garantías para a súa integridade física.

Polo exposto nos parágrafos anteriores o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte Acordo

Instar ao Goberno Municipal a que se dirixa ao Ministerio de Fomento para que dote das medidas de seguranza que considere oportuno para mellorar a seguranza vial dos veciños e veciñas así como dos vehículos que atravesan ese tramo."

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, en sesión celebrada o 31/05/2018.

ACORDAMOS:

Solicitar ao Ministerio de Fomento para que dote á estrada N-640, ao paso pola zona urbana do Concello de A Estrada, das medidas que considere oportunas ao fin de mellorar a seguranza vial dos veciños e veciñas así como dos vehículos que atravesan este tramo.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Antes de pasar ao apartado B), Actividade de Control, o **Sr. Alcalde** informa que hai un asunto para incluír fóra da Orde do Día, consistente nunha moción conxunta de todos os grupos políticos con representación municipal e relativa ao rexeitamento ao proxecto de reapertura da explotación mineira San Rafael S.L. n.º 2946, para a extracción de cobre nos concellos de Touro e O Pino, motivando a urxente nos acontecementos e actos que se van a levar a cabo durante este próximo fin de semana en relación a esta problemática.

Sometida a urxencia a votación, esta é aprobada por unanimidade, procedéndose a debater e aprobar, se procede, a nomeada moción.

Expediente 3496/2018. MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS PARA O REXEITAMENTO DA REAPERTURA DA MINA PARA EXTRACCIÓN DE COBRE NOS CONCELLOS DE TOURO E O PINO POLA EMPRESA COBRE SAN RAFAEL, S.L.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento



Toma a palabra o Concelleiro delegado de Medio Ambiente, D. **Juan M. Constenla Carbón**, quen procede a dar lectura á moción conxunta de todos os grupos políticos municipais en relación ao rexeitamento da repartura da mina para extracción de cobre nos Concellos de Touro e O Pino pola empresa Cobre San Rafael, S.L.:

“O pasado 25 de agosto de 2017, saíu a exposición pública o proxecto de reapertura da explotación da mina para a extracción de cobre nos concellos de Touro e O Pino, presentado pola empresa Cobre San Rafael S.L.

Este novo proxecto pretende seguir explotando os mesmos xacementos abandonados do ano 1986, máis novos xacemento colindantes con estes, dentro dunha concesión máis ampla, que abarca o concello de norte a sur nunha extensión de 1827 Ha., inicialmente, xa que segundo proxecta a empresa socia que aporta o capital, Atalaya Mining, a súa intención é estender a explotación con cortas sucesiva, unha vez teñan iniciado, ata chegar a 122 km cadrados de extensión: <http://atalayamining.com/proyecto-touro/>

Trátase dun proxecto de megaminería a ceo aberto que ocupará unha extensión de 689 Ha iniciais, das cales só o 30% son terreos xa estiveron e están afectados pola explotación anterior, que foi abandonada sen a axeitada restauración posterior e que dende o ano 1986 do seu remate segue traendo desastrosas consecuencias nas augas que verten ós regatos da contorna afluentes do río Ulla e por tanto afectación á Rede Natura 2000 da cunca deste río, a segunda cunca hidrográfica de Galicia.

Esta actividade, por tanto, preténdense desenvolver nos solos que teñen soportado no pasado actividades potencialmente contaminantes, como así o manifesta o informe emitido polo propio Concello de Touro elaborado por AMBIOTEC sobre as afectacións do proxecto, en outubro de 2017, onde na súa páxina 5 indica como “elementos susceptibles de afección os seguintes:

- *Infraestruturas ligadas ao consumo de auga do municipio*
- *Agravamento do problema ambiental de Drenaxe Ácida de Mina*
- *Poboación e vivendas situadas nas proximidades*
- *Hábitats naturais e vexetación e fauna asociada*
- *Elementos naturais da contorna directa e actividades asociadas: Río Ulla*
- *Elementos do patrimonio cultural*
- *Centro socioculturais”*

<http://www.concellodetouro.com/attachments/article/1280/alegacios-mina-en-galego.pdf>

Vai a afectar a case 500 Has. de terreos agrícolas e forestais que son a base produtiva de moitas explotacións agrarias dos núcleos máis próximos á explotación, deixando así sen base territorial moitas explotacións gandeiras que se verán irremediabilmente abocadas ao peche e abandono das terras, e suporía a eliminación de 341 hectáreas de masa forestal e 150 hectáreas de cultivos e vexetación natural.

Xunto as catro cortas existentes vanse a escavar 6 novas cortas que dará lugar a outras tantas zonas mineiras coa eliminación definitiva do uso destes solos para as actuais e futuras actividades agrogandeiras ou forestais.



Sumar a esta situación, que durante o proceso planeado para 15 anos de actividade, plantexan un traballo de megaminería intensivo, con funcionamento de maquinaria pesada e actividade as 24 horas do día durante os 365 días do ano, cunha media de 6 voaduras diarias realizadas con entre 9 e 16 toneladas de explosivos cada unha, 4 delas moverán 50.000 metros cúbicos de rocha e 2 moverán 25.000 metros cúbicos, que xerarán movementos sísmicos no terreo e polvo en suspensión cargado de metais pesados, o que provocará irremediamente o abandono poboacional da zona por facer imposible a vida nestas terras.

Outros impactos sobre a zona que xerarán un grave impacto medioambiental, e a creación de 2 depósitos de residuos estériles e 4 vertedoiros que ocuparán en total case 300 Ha, a moi pouca distancia dos núcleos de poboación de Castelo, San Sadurniño, Arinteiro, Os Torreis, Tribás e A Goleta, un vertedoiro máis no Monte das Minas, que ocupará unha superficie de 484.000 metros cadrados, case 10 veces o centro comercial As Cancelas de Santiago de Compostela). O depósito de estériles situado entre Arnteiro e Vieiro será unha enorme balsa de lodos que contará cun muro perimetral de contención con capacidade para 50 millóns de metros cúbicos de residuos estériles de mina (equivale a unha sexta parte a capacidade do encoro de Portodemouros).

Planteaxe no proxecto o desvío do leito dos regos Pucheiros e Burgo, e o gasto arredor de 2,25 hectómetros cúbicos de auga ao ano, o que suporía 6 veces máis do que os concellos de Touro e O Pino xuntos gastan no mesmo período.

Este proxecto ten tamén unha afectación directa ao Camiño de Santiago ó seu paso polo concello de O Pino, a ton só 1000 metros do Monte das Minas, os peregrinos camiñarán e durmirán nas liteiras mirando ó monte das Minas, respirando e soportando o polvo en suspensión froito das voaduras diarias, así como as molestias acústicas da maquinaria pesada e das explosións, que a actividade realizada durante as 24 horas do día, todos os días da semana producirá, tendo por tanto un impacto visual, acústico, para a saúde, e tamén económico sobre os negocios da zona

Sobre a importancia ambiental do Río Ulla e da ría de Arousa, a riqueza pesqueira e mariñeira descansa sobre a riqueza ambiental existente na ría de Arousa e os ríos que nela desembocan, onde a saúde do río Ulla ten un papel fundamental, xa que alimenta dun xeito moi importante de sedimentos e nutrientes á ría. Esta riqueza ambiental está amplamente recoñecida, non so por publicacións científicas, senón pola propia lexislación ambiental. A ese respecto cabe destacar a declaración de varios Espazos Protexidos, como son:

- O Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (declarado o 1 xullo de 2002, mediante a lei 15/2002). Este Parque inclúe 4 arquipélagos e o mar que os rodea, entre os que se atopa de Cortegada, na desembocadura do río Ulla, e a illa de Sálvora, na zona exterior da ría de Arousa. Este Parque Nacional, declarouse polas especial riqueza ambiental dos seus fondos mariños e debe velar pola súa conservación.*
- A Zona de Especial Conservación Ulla-Deza, (declarado o 31 de marzo de 2014, polo Decreto 37/2014) que protexe a maior parte do río Ulla ata Rianxo. Dito río ten gran importancia ambiental onde destaca a presenza de peixes como lamprea e salmón, especies moi sensibles á contaminación das augas.*

Así mesmo a ría de Arousa, xa na parte exterior acolle o ZEC Ons-O Grove e o Parque



Natural do complexo da dunas de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixan, que ten zona mariña dentro da súa superficie protexida. A ría de Arousa é unha unidade ecolóxica que non se pode desligar dos ríos que a alimentan, e os 4 espazos protexidos que esta ría acolle é un bo indicador da inmensa riqueza ambiental que posue e que por lei debe ser amparada.

A administración debe velar pola conservación dos espazos protexidos da ría de Arousa. A reactivación da mina de Touro aumentará a drenaxe de contaminantes cara a cunca do Ulla, afectando irremisiblemente á riqueza ambiental da ría, e consecuentemente á riqueza económica que sustenta.

As propias alegacións que publicou a Sociedade Galega de Historia Natural e a Federación Ecoloxista Galega ao informe deixan constancia das grandes afectación que supón e solicitan o seu rexeitamento.

A posta en marcha de este proxecto tería graves repercusións e afectacións que ten na persoas, na saúde, no medio ambiente, na economía local especialmente na agricultura a gandeiría e o turismo.

Estamos por tanto ante un proxecto con un impacto ambiental inasimilable, un impacto sobre a saúde preocupante, un impacto económico negativo e un impacto social e cultural que xera unha forte alarma e rexeitamento en toda a contorna, de consecuencias negativas incalculables para as persoas, para a biodiversidade e para os seus medios de vida futuros.

Por todo o anteriormente exposto, o Pleno da Corporación Municipal de A Estrada acorda:

1.- Mostrar o rexeitamento a este proxecto polos prexuízos ambientais, sociais e económicos que leva ou poida levar asociados

2.- Instar ás Consellerías do Mar, Medio Rural, a de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a de Cultura e Ordenación Universitaria e á de Economía, Emprego e Industria a que tomen todas as medidas legais, solicitando ás administracións competentes un control rigoroso sobre o cumprimento por parte da concesionaria de todos os requisitos de seguridade, medioambientais e de protección do medio ambiente que se esixan tanto a nivel autonómico, nacional e europeo, de tal xeito que si dos informes e estudos levados a cabo, se derivasen prexuízos para as persoas e o medio natural, desestime a autorización administrativa á actualización do proxecto de explotación, plan de restauración e estudio de impacto ambiental da concesión de explotación San Rafael nº 2946, debido aos efectos negativos para o medio ambiente e a incompatibilidade do proxecto coa debida protección das augas da cunca e da desembocadura do río Ulla, dos espazos naturais deste sistema fluvial, coas captacións de auga potable de numerosos concellos, coa riqueza pesqueira e marisqueira da ría de Arousa, de protección do Camiño de Santiago e da actividade económica estratéxica e fundamental dos concellos baseada na agricultura, a gandería, as industrias agroalimentarias e forestal, o turismo, a hostalería e os servizos.

3.- Instar á Xunta de Galicia para que se promova unha completa restauración da antiga explotación mineira de Touro, eliminando os focos de contaminación de metais pesados e drenaxe ácida, para como mínimo asegurar que non se siga comprometendo a calidade ambiental dos afluentes do río Ulla e por tanto da rede Natura 2000, que verten dos terreos da anterior mina ao río Ulla e de aí á Ría de Arousa.”



Concédeselle a palabra á **Sra. Belén Louzao**, quen transmite a súa leducia por esta moción, baseada noutra presentada pola Plataforma “Mina Touro–O Pino Non” na sesión plenaria do pasado mes de febreiro e na que este Concello mostrou o seu apoio, polas repercusións nocivas para os/as veciños/as afectados. Polo que, traslada o voto favorable do seu grupo político á nomeada moción, manifestando o rexeitamento á explotación da devandita mina.

Intervén a **Sra. Mar Blanco** quen apoia esta moción e tamén manifesta o seu rexeitamento á reapertura da reiterada mina, xa que non podemos quedarnos tan só no cumprimento da lei, sobre todo tendo en conta que existen gobernos aos que non lles interesa os intereses dos cidadáns, facendo permisivas actividades empresariais que poñen en risco a saúde. Tamén cre necesario que se faga un chamamento aos/ás veciños/as do noso concello para que participen na manifestación contra a reapertura da mina que se celebrará en Santiago o vindeiro domingo para acadar a paralización dese proxecto e, por tal motivo, pide que se conceda permiso para colocar, por parte dos membros da Plataforma, unha pancarta na fachada do Concello e que contempla o dito rexeitamento e información sobre data e hora da mobilización.

Por último, mostra o seu agradecemento ás asociacións que acompañan e apoian a mobilización, tal como a “Río Ulla”, “Entre as Pontes” e “O Areal”.

Intervén o **Sr. Xosé Magariños** para dicir que se alegra da redacción desta moción conxunta e así dar resposta e apoio a unha demanda veciñal.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción conxunta asinada por todos os grupos políticos municipais relativa ao rexeitamento de reapertura da explotación da mina de cobre sita nos concellos de Touro e O Pino, transcrita en parágrafos anteriores.

ACORDAMOS:

1º.- Mostrar o rexeitamento ao proxecto de reapertura da explotación mineira de cobre nos concellos de Touro e O Pino pola empresa “Cobre San Rafael, S.L.”, polos prexuízos ambientais, sociais e económicos que leva ou poida levar asociados.

2º.- Instar ás Consellerías do Mar, Medio Rural, a de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a de Cultura e Ordenación Universitaria e á de Economía, Emprego e Industria a que tomen todas as medidas legais, solicitando ás administracións competentes un control rigoroso sobre o cumprimento por parte da concesionaria de todos os requisitos de seguridade, medioambientais e de protección do medio ambiente que se esixan tanto a nivel autonómico, nacional e europeo, de tal xeito que si dos informes e estudos levados a cabo, se derivasen prexuízos para as persoas e o medio natural, desestime a autorización administrativa á actualización do proxecto de explotación, plan de restauración e estudio de impacto ambiental da concesión de explotación San Rafael nº 2946,



debido aos efectos negativos para o medio ambiente e a incompatibilidade do proxecto coa debida protección das augas da cunca e da desembocadura do río Ulla, dos espazos naturais deste sistema fluvial, coas captacións de auga potable de numerosos concellos, coa riqueza pesqueira e marisqueira da ría de Arousa, de protección do Camiño de Santiago e da actividade económica estratéxica e fundamental dos concellos baseada na agricultura, a gandería, as industrias agroalimentarias e forestal, o turismo, a hostalería e os servizos.

3º.- Instar á Xunta de Galicia para que se promova unha completa restauración da antiga explotación mineira de Touro, eliminando os focos de contaminación de metais pesados e drenaxe ácida, para como mínimo asegurar que non se siga comprometendo a calidade ambiental dos afluentes do río Ulla e por tanto da rede Natura 2000, que verten dos terreos da anterior mina ao río Ulla e de aí á Ría de Arousa.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

EXPEDIENTE 2783/2018. DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN QUE SE SUBMINISTRA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS A TRAVÉS DA OFICINA VIRTUAL DE COORDINACIÓN FINANCEIRA COAS ENTIDADES LOCAIS, CORRESPONDENTE AO 1ª TRIMESTRE DE 2018 E OUTROS, PREVIA PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 02/05/2018, en relación co asunto que se trata a continuación.

Visto o contemplado na Orden HAP/2015/2012 que desenvolve as obrigas de subministro de información prevista na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

Visto que se considera necesario, dende o departamento de Intervención e en aras a unha maior transparencia, dar conta ao Pleno da corporación da información que se subministra ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas(a través da Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais -OVEELL-), á Secretaría Xeral do Estado (a través do Portal de Entidades Locais) e ao “Tribunal de Cuentas”.

Visto o informe emitido con data do 02/05/2018 pola Intervención municipal.

Vista a demais documentación que consta no expediente.

DÁSE CONTA á Xunta de Goberno Local da seguinte documentación:

1. Comunicación de Rendición da información, en tempo e forma, na OVEELL do 1º trimestre 2018 do período medio de pagamento PMP.

2. Informe de avaliación de cumprimento dos obxectivos que contempla a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade



Financeira, con motivo da rendición da execución do orzamento do 1º trimestre 2018.

3. Informe de morosidade, así como do período medio de pagamento (PMP) do 1º trimestre 2018.

4. Comunicación de Rendición da información, en tempo e forma, na OVEELL da “Liquidación do Orzamento de 2017”.

5. Comunicación de Rendición da información, en tempo e forma, no Portal de Entidades Locais, pertencente á Secretaria Xeral do Estado, da “Información Salarial de la Administración (ISPA) 2017”.

6. Comunicación de Rendición da información, en tempo e forma, no Portal de Plataforma de Partidos Políticos do “Tribunal de Cuentas” sobre as subvencións aos grupos políticos municipais, nos exercicios 2016 e 2017.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 16 E O 30 DE ABRIL DE 2018 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os 16 e o 30 de abril de 2018 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2018-415 ao número 2018-509 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 31 DE MAIO DE 2018 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 2 e 31 de maio de 2018 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2018-510 ao número 2018-638 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Inicia a quenda a voceira do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, para preguntar no estado no que se atopa o proxecto de reforma do entorno da Praza de Oca, lembrando que se asinou un Convenio coa Fundación ducal Medinaceli polo que esta se encargaba da parte de iluminación.

Responde o **Sr. Alcalde** que, despois de varias reunións cos veciños, a



proposta de iluminación presentada pola Fundación non lle gustou a estes últimos por tratarse dunha iluminación indirecta e, polo tanto, insuficiente, estando neste momento nun estado de estancamento, sen embargo este Concello está a actuar de mediador entre ambas partes (sempre posicionándose de parte dos nosos veciños), e á Fundación prometeu presentar outro proxecto antes do vindeiro verán.

O voceiro do BNG, Sr. **Xosé Magariños**, formula os seguintes rogos e preguntas:

- Que se reparen ás pistas que van dende Codeseda á Grela, da Consolación a Pernaviva, de Paramá a Santo André de Veá, de Torreboreda a Nigoi, de Montillón a Enviande e a de Cerqueira a Carbia (Santa Cristina de Veá)
- Que se proceda a limpeza das instalacións deportivas, facendo un reforzo neste servizo durante a celebracións de competicións.
- Que se limpe o camiño dos Ramos, na 2ª Travesía de Pontevedra; así como tamén os camiños de Ouzande, do Cruceiro e da Congostra.
- Pregunta como está o tema do cruceiro de Ouzamerxe.
- Pregunta en que trámite está a declaración de ben de interese cultura a Rapa das Bestas de Sabucedo.
- Prega que se solucione o problema da visibilidade que presenta o vial Estrada - Guimarei, polo lugar da Torre, á altura do regato de Pinguela.

O **Sr. Alcalde** responde que todas as pistas nomeadas, menos a que vai de Codeseda á Grela, están incluída nuns proxectos de asfaltado de camiños, algúns en execución e outros incluídos no Plan Concello e a executar proximamente.

Con respecto ás preguntas formuladas polo Sr. Magariños, dille que se lle contestará por escrito.

Antes de finalizar a sesión, e dentro do Regulamento de Participación Cidadán, pregunta se hai algunha persoa entre o público asistente que queira intervir, previa identificación con DNI.

Pide intervir **D. Paulo López Porto** (DNI 44809514V), en representación da Plataforma de cidadáns da Estrada contra a antena de telefonía da Avda. Benito Vigo, quen comeza a súa intervención aclarando que se trata dunha plataforma apolítica cuxo interese é a saúde pública, quedando patente nunha solicitude con máis de 3.500 sinaturas (aprox.) e que se presentou no rexistro xeral deste Concello. Continúa dicindo que existe unha preocupación e un sentimento de desamparo por parte dos veciños da Estrada e que forman parte da nomeada plataforma ante a colocación da nomeada antena, non vendo avances nin respostas convincentes a pesares das diversas reunións mantidas co Alcalde, presentación de catro denuncias por rexistro xeral de entrada e das intervencións noutras sesións plenarias.

O Sr. López continúa dicindo que é sabedor que a empresa impulsora da instalación da antena na Avda Benito Vigo, presentou o pasado 15 de maio (data tope do prazo concedido para presentar un proxecto de legalización da instalación que subsane os incumprimentos da legalidade vixente, recollidos nos informes técnicos municipais) diversa documentación na que da conta da súa intención de retirar o dispositivo pero, paralelamente, impulsar a instalación nese mesmo punto dun sistema de microantenas que ubicaría no casetón radicado sobre a cuberta do edificio no que está instalado.

Ante o anterior pregunta se se van a tramitar as denuncias presentadas, se se vai a ordenar a retirada da antena, se se vai a sancionar á empresa responsable e se se clausurará a instalación da antena instalada en probas; así mesmo pregunta se se vai a permitir a colocación dunha nova antena.

Por último transmite ao Pleno que a plataforma quere ir da man do Concello e



non ter que demandalo por inactividade ou nulidade de licenzas.

Contesta o **Sr. Alcalde** nega que exista tal desamparo, xa que intenta manter informados aos veciños de todos os pasos que se están dando, mediante diversas reunións. Admite o difícil que lle resulta ao Concello sacar adiante as máis de 300 denuncias pendentes de resolver pola falta de persoal asignado ao departamento disciplina urbanística, pero asegura que o da antena de Benito Vigo é un expediente con prioridade absoluta, non deixando de dar pasos para conseguir a desmontaxe do nomeado dispositivo.

En canto a tramitación dun expediente sancionador contra a empresa responsable da antena, di que optouse por levar adiante o expediente por vía administrativa para así lograr a maior celeridade posible, ademais de que se trata de facer os trámites do procedemento que corresponde de acordo coa legalidade vixente. Así mesmo, espera que, non máis alá do mes de xuño, os técnicos municipais emitan o informe definitivo que finalice aparte administrativa do procedemento, lembrando que a actividade da antena está paralizada dende o 20 de decembro.

Para dar consistencia ao dito no parágrafo anterior, enumera os pasos levados a cabo dentro do procedemento iniciado ao respecto e que constan no respectivo expediente.

Informa o Sr. Alcalde que os técnicos municipais están a analizar a documentación presentada pola empresa o 15 de maio, e no que no seu día esixiron para subsanar a altura máxima dende a cornisa (que superaba en dous metros a altura máxima permitida no PXOM), como tamén os problemas de adaptación do equipo do soto; tamén están a analizar o novo proxecto presentado, tanto a súa parte técnica como a urbanística.

Por último o Sr. Alcalde di que son cuestións que analizan los técnicos e que, probablemente, culminarán este mesmo mes coa desmontaxe da antena e unha “non cesión” por parte do Concello.

Despois de varias preguntas e contestacións con respecto ao expediente de legalización da antena de Benito Vigo, que quedan recollidas no audio, se remata este asunto coa petición do **Sr. López Porto** para que exista unidade entre o Concello e a Plataforma de afectados, levando unha tramitación áxil que poña fin a esta problemática.

Pide intervir o **Sr. José Manuel Valladares Bugallo** (con nº de pasaporte 120548011) para preguntar sobre a denuncia que interpuxo en relación cun veciño que pechou un camiño de concentración parcelaria cuns escombros, xa que día de hoxe non tivo contestación e o camiño segue igual, non podendo transitar por el.

Tamén pide que sexa arranxado outro camiño que foi danado polas augas provenientes das obras do AVE, o cal sirve de acceso a unhas fincas da súa propiedade.

Finalmente, di o Sr. Valladares que vai xa 11 anos dende que se fixo ditas peticións e aínda non se arranxaron os camiños nin recibiu ningunha comunicación ou resposta ao efecto.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** contestando que é sabedor da problemática resultante das obras do AVE na parroquia de San Miguel de Castro, de feito estivo na zona para buscar solucións a algúns dos problemas; pero, no referente aos camiños aos que se refire o Sr. Valladares, é sabedor que un técnico municipal foi días atrás para comprobar o estado dos mesmos e da existencia de entullos que dificultan o tránsito por un deles, sen embargo lembra que existe unha discusión sobre a titularidade dos mesmos, polo que cre que son os veciños os que teñen que aclarar este tema.



O **Sr. Valladares Bugallo** informa que foi á Garda Civil para aclarar esa titularidade, e esta lle dixo que a competencia era do Concello. Por outra parte, cando un cidadán invade un camiño da parcelaria con escombro, entón considera que o Concello debe actuar como proceda.

O **Sr. Alcalde** di que o problema que expón trátase principalmente dun conflito entre particulares, aínda que haxa algunha cuestión que ten que resolver o Concello, é dicir, cando se trata de asuntos que afecten ao dominio público, pero non é o caso. Invita ao Sr. Valladares para que acuda ás dependencias da Alcaldía para faltar en privado sobre este tema.

Prantexa outro asunto o **Sr. Valladares Bugallo**, sobre a prohibición actual en materia de limpeza de terreos por risco de incendios e tamén sobre a prantacións de eucaliptos, xa que no pasado permitíase a súa plantación, sen embargo agora non só se prohíbe senón que se obriga á súa tala, entón considera que se debe indemnizar aos propietarios das plantacións, entre o que se atopa el. Tamén di que, para evitar incendios, a lei actual obriga á tala de árbores que queden cerca das casas, cousa que antes se permitía, o que tamén prexudica aos propietarios das ditas árbores, tendo que vender a súa madeira a moi baixo prezo.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que, efectivamente, a Lei de Montes esixe a limpeza dos montes nunha franxa de 50 metros entorno das edificacións para evitar os incendios e o perigo que para a poboación conleva, e temos que ser conscientes e solidarios con esta problemática, ademais de que a lei actual en esta materia dá prioridade á vida das persoas. Con respecto a que ditas talas obrigatorias prexudica á economía dos propietarios das árbores, considera que a queixa debe dirixirse a outros organismos e non ao Concello, xa que este último non ten competencia nesta materia e o único que lle pode ofrecer é asesoramento.

Non habendo máis intervencións, levántase a sesión sendo as vinte e catro horas.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233